

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE CONXUNTO I
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO RD 631/2010)
CURSO 2020-2021

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: Conxunto I										
ESPECIALIDADE:	Composición e dirección				ITINERARIOS:			Composición		
CARÁCTER:	Disciplina obrigatoria				TIPO DE CLASE:			Colectiva		
DEPARTAMENTO:	Composición				XEFE DE DPTO.:			Mª Paz Pita Vázquez		
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:			José Baldomir Fernández		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1,5
ECTS/CUAD.	3								Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB			TITORÍA		
	José Baldomir Fernández				dir.baldo@gmail.com			Xoves 11.00 – 12:00		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
<p>DESCRITOR: Práctica da interpretación musical en grupo e en diferentes formacións. Coñecemento do repertorio de conxunto do seu propio ámbito e práctica interpretativa en formacións diversas. Desenvolvemento de ámbitos e técnicas de ensaio. Cooperación no establecemento de criterios interpretativos, compenetración e traballo colectivo. Práctica da lectura a primeira vista, flexibilidade de resposta ás indicacións do/a director/a. Concepción e desenvolvemento de proxectos musicais colectivos.</p>	
COÑECEMENTOS PREVIOS: Os propios do grao medio de música.	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS (OPCIONAL)	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T7
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X7, X8, X12
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EC5, EC6, EC11
Ver a lista e descrición de competencias no Real Decreto 631/2010 do 14 de maio anexo I	

3. OBXECTIVOS	
1-Coñecer as características acústicas, técnicas , sonoras e expresivas dos instrumentos.	T1, EC6
2-Investigar as posibilidades combinatorias camerísticas non tradicionais.	EC6, EC11
3-Traballar coas agrupacións de cámara do centro.	T1, T7, X7, EC5
4-Desenrolar técnicas de ensaio.	T1,T3,T7,X2,X7,EC5,
5-Cooperar no establecemento de criterios interpretativos.	T3,T7,X3,X7,E5,EC11
6-Dirixir e coordinar proxectos musicais colectivos.	TODAS
7-Adquirir flexibilidade de resposta ás indicacións do director.	X2,X3,E11
8-Crear e liderar proxectos musicais colectivos.	TODAS

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1.- Efectos instrumentais non tradicionais	1.1- Nos instrumentos de corda fregada. 2.2- Nos instrumentos de vento-madeira. 1.3- Nos instrumentos de vento-metal. 1.4- Nos instrumentos de tecla. 1.3- Nos instrumentos de percusión. 1.6- Na guitarra 1.7- Noutros instrumentos non habituais.	10
2.- Técnicas de ensaio e direcciónn	2.1- Organización do traballo colectivo. 2.2- Establecemento de criterios interpretativos.	4
3.- Repaso		2
TOTAL SESIÓNS:		16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Exposición maxistral: Explicación do profesor daqueles contidos da materia recollidos no punto catro da programación. Orientación no uso dos materiais(textos, partituras, audicións,etc...)	1,5		1,5
Composición de obras	4	20	24
Exposición práctico-teórica: Exposición e análise de materiais axeitados para o desenvolvemento da materia.	3	6	9
Práctica individual: Estudio das posibilidades texturais do instrumento propio.	1,5	10	11,5

Práctica colectiva: Interpretación en grupo e dirección de traballos colectivos propios e alleos.	8	9	17
Pescuda de información: Pescuda e análise de obras axeitadas para a súa interpretación colectiva no aula.		8	8
Exposición e debate de traballos: Exposición das posibilidades de uso non tradicional do propio instrumento. Aportación de partituras, audios e videos. Debate no aula.	3	8	11
Titorias: Orientación e dirección dos proxectos individuais e de grupo.		5	5
Avaliación: Valoración dos traballos individuais e crítica colectiva das interpretacións. Valoración das mesmas. Revisión das cualificacións.	3		3
		TOTAL HORAS	90

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Exposición de traballos individuais	Práctica de aula mais práctica individual	T1, T3, E6	10%
Interpretación solista	Actitude na clase e traballo diario	T1, X2, X3, E6	10%
Interpretación colectiva	Actitude na clase e traballo diario	TODAS	30%
Concepción, desenrolo e dirección dun proxecto musical colectivo.	Valoración das capacidades adquiridas conforme a superación das distintas fases do proxecto realizado.	TODAS	40%
Análise de obras camerísticas	Entrega de traballos	T1, E6	10%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Interpretación colectiva	Valorarase o control da unidade sonora, da sonoridade de conxunto e da interpretación da obra.	TODAS	40%
Concepción, desenrolo e dirección dun proxecto musical colectivo.	Amosar capacidade de compromiso, de traballo e de optimización do esforzo de xeito que os ensaios sexan rendibles para afrontar unha audición pública nunha data prefixada.	TODAS	40%
Análise de obras camerísticas	Entrega de traballos	T1, E6	20%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) Catro faltas conleva a perda de avaliación continua.			

Interpretación colectiva	Valorarase o control da unidade sonora, da sonoridade de conxunto e da interpretación da obra.	TODAS	40%
Concepción, desenvolvemento e dirección dun proxecto musical colectivo.	Amosar capacidade de compromiso, de traballo e de optimización do esforzo de xeito que os ensaios sexan rendibles para afrontar unha audición pública nunha data prefixada.	TODAS	40%
Análise de obras camerísticas	Entrega de traballos	T1, E6	20%

6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Concepción, desenvolvemento, defensa e dirección e interpretación dun proxecto musical colectivo.	Amosar capacidade de compromiso, de traballo e de optimización do esforzo de xeito que os ensaios sexan rendibles para afrontar unha audición pública nunha data prefixada. Valorarase o control da unidade sonora, da sonoridade e da interpretación da obra.	TODAS	100%
Observacións:			

7. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

<p>1 Referencias básicas.</p> <ul style="list-style-type: none"> -El estudio de la orquestación. Samuel Adler. Ed. Idea books. -El arte de dirigir la orquesta. Hermann Scherchen. Ed. Labor. -Notación musical en el siglo XX. Jesús Villa Rojo. Ed. Sgae.
<p>2. Referencias complementarias.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Instrumentación y orquestación clásica y contemporánea. Agustín Charles. Ed. Rivera editores. -Modern music and after. Paul Griffiths. Ed. Oxford University Press

8. OBSERVACIÓNS

--

ANEXO I

Actividade lectiva semi-presencial

A actividade lectiva semipresencial, só se contempla no caso de que as autoridades sanitarias e educativas impoñan o réxime de corentena a un ou varios alumnos dun grupo, ao grupo completo ou ao profesor ao longo do presente curso.

Xa que as aulas onde se imparten as clases do departamento, permite garantir o necesario distanciamento social para minimizar os riscos de contaxio e conta cos materiais adecuados para a desinfección dos postos do alumnado e do profesorado a actividade lectiva semi-presencial só se contempla en caso de producirse algún positivo confirmado na Covid-19 e sempre que as autoridades obriguen a gardar corentena aos contactos estreitos.

En tal caso, o profesorado comprométese a manter o contacto telemático regular co alumnado.

O docente remitirá ao alumnado confinado, por medio da aula virtual ou aplicacións gratuítas (Skype, Zoom, E-mail, WhatsApp, Telegram ou similares), o material do tratado na/s clase/s ás que non poida asistir, así como as actividades que o alumnado teña que realizar na casa durante o período de confinamento. O docente tamén terá que corrixir esas actividades e remitirle ao alumnado confinado as correccións/indicacións relativas ao traballo entregado.

O profesor deberá identificar os posibles casos de “desconexión dixital” por parte do alumnado para tentar de establecer cos responsabeis educativos un sistema de comunicación alternativo que minimize a fenda dixital.

Modificacións nos procedementos de avaliación:

O traballo realizado polo alumnado durante o seu confinamento terase en conta na avaliación continua da materia. De coincidir o confinamento ca realización dunha proba presencial, escrita ou oral, o alumnado confinado realizará unha actividade alternativa proposta polo docente. Se esa proba fora o exame final o traballo telemático valorado de xeito global, fará media co traballado presencialmente, substituíndo ao exame final.

Os criterios de avaliación, serán os que figuran na programación oficial da asignatura e poden ser consultados na páxina web do conservatorio.

Chegado o caso, e en función da duración dunha hipotética situación de suspensión longa da actividade presencial, o profesorado poderá axustar a presente programación didáctica para atender aos contidos máis básicos e imprescindibles da mesma.

ANEXO II

Actividade lectiva non presencial

No caso de que as autoridades decretasen unha nova suspensión xeral das actividades lectivas no noso centro ou en algún grupo concreto do mesmo, o profesorado comprométese a manter o contacto telemático regular co alumnado e de ser necesario, axustar os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación en función da data na que se decretase tal escenario de xeito semellante ao que se produciu o curso 2019/2020.

O profesorado utilizará preferentemente ben o aula virtual do centro para o desenvolvemento da súa actividade, ou ben aplicacións gratuítas (Skype, Zoom, E-mail, WhatsApp, Telegram ou similares).

O profesorado deberá identificar os posibles casos de “desconexión dixital” por parte do alumnado para tentar de establecer cos responsabeis educativos un sistema de comunicación alternativo que minimize a fenda dixital.

Modificacións nos procedementos de avaliación:

O traballo realizado polo alumnado durante o seu confinamento terase en conta na avaliación continua da materia. Non se realizarán exames presenciais. O traballo telemático, valorado de xeito global, substituirá ao exame final. De coincidir o confinamento coa realización dunha proba presencial, escrita ou oral, esta substituirase por unha actividade proposta polo docente. Se esa proba fora o exame final o traballo telemático valorado de xeito global, fará media co traballado presencialmente

Os criterios de avaliación, serán os que figuran na programación oficial da asignatura e poden ser consultados na páxina web do conservatorio.

Chegado o caso, e en función da duración dunha hipotética situación de suspensión da actividade presencial, o profesorado poderá axustar a presente programación didáctica para atender aos contidos máis básicos e imprescindibles da mesma.